

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Resolución do 4 de xaneiro de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se ordena a publicación do texto do acordo suscrito polos representantes da Administración autonómica e as organizacións sindicais Comisións Obreiras (CC.OO.), Unión Xeral de Traballadores (UGT), Confederación Intersindical Galega (CIG) e Central Sindical Independente de Funcionarios (CSI-CSIF), representadas na mesa xeral de Negociación de Empregados Públicos, así como na Comisión de Repartición das axudas de Acción Social do ano 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 26 de novembro de 2009, sobre criterios de repartición do fondo de acción social da Xunta de Galicia para o exercicio do ano 2009.

Visto o texto do acordo suscrito o 20 de novembro de 2009, polos representantes da Administración autonómica e as organizacións sindicais CC.OO., UGT, CIG, e CSI-CSIF, representadas na Mesa Xeral de Negociación de Empregados Públicos, así como na Comisión de Repartición das axudas de Acción Social do ano 2009, e de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 9/1987, do 12 de xuño.

Esta Dirección Xeral de Relacións Laborais,

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición do dito acordo no rexistro correspondente desta dirección xeral.

Segundo.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2010.

Odilo Martiña Rodríguez
Director xeral de Relacións Laborais

En Santiago de Compostela o 20 de novembro de 2009, os representantes da Administración autonómica e as organizacións sindicais CIG, CC.OO., UGT e CSIF, representadas na Mesa Xeral de Negociación de Empregados Públicos, adoptan o seguinte acordo:

Criterios de repartición do Fondo de Acción Social para o exercicio do ano 2009:

I. Normas xerais.

1. Ámbito persoal.

1.1. Poderá solicitar as axudas do fondo de acción social o persoal:

-Funcionario de carreira.

-Interino que ocupe postos incluídos nas relacións de postos de traballo.

-Laboral fixo.

-Laboral temporal que ocupe postos incluídos nas relacións de postos de traballo e laboral declarado indefinido non fixo.

Que prestara servizos na Administración da Xunta de Galicia no ano 2009 e que no prazo de presentación de solicitudes se atope en situación de servizo activo ou en suspensión de funcións de carácter provisorio prevista no artigo 60.3º do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo.

1.2. Quedan excluídos do ámbito de aplicación deste acordo o persoal ao servizo de órganos estatutarios e sociedades públicas, o persoal funcionario ao servizo da Administración de Xustiza e o persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, así como o persoal procedente do Hospital Médico-Cirúrxico Provincial de Santiago, Sanatorio Psiquiátrico de Conxo, Hospital Provincial Santa María Nai de Ourense, Hospital Municipal Nicolás Peña de Vigo, Hospital Xeral Provincial de Pontevedra, Hospital Psiquiátrico Provincial O Rebullón de Pontevedra e Hospital Militar da Coruña.

1.3. No suposto de que dous/dúas empregados/as tivesen a condición de beneficiarios/as en relación ao/á mesmo/a causante, só un/ha deles/as terá dereito a axuda.

2. Baremo.

2.1. Para a determinación do importe das axudas establécese unha escala en función da renda per cápita da unidade familiar.

O/A solicitante que desexe acollerse ao baremo deberá sinalalo expresamente na solicitude.

O/A solicitante que non se acolla a modalidade de baremo ou, acolléndose a ela non acredite a renda per cápita da unidade familiar, percibirá o importe mínimo da táboa do baremo.

Exceptúase da aplicación do baremo a axuda por xubilación e por gastos sanitarios.

2.2. Cálculo da renda per cápita.

A renda per cápita (RPC) é a cantidade que determina a porcentaxe e os límites da axuda a partir das táboas de baremación que se especifican en cada caso. O seu importe é o cociente de dividir a renda da unidade familiar correspondente ao exercicio 2008 polo número de membros da dita unidade.

A renda da unidade familiar calcularase sumando o importe íntegro das retribucións en concepto de rendementos de traballo obtidos durante o exercicio 2008 por todos os membros da unidade familiar.

Para estes efectos unicamente serán considerados membros da unidade familiar:

-O cónxuxe ou parella de feito.

-Os/as fillos/as.

-Os/as copropietarios/as, na axuda por adquisición de vivenda.

No caso de divorcio ou separación legal non se considerará membro computable quen non conviva co/a causante. Terá, non obstante, a consideración de membro computable o/a novo/a cónxuxe ou parella de feito do solicitante da axuda.

2.3. Documentación para acreditar a renda per cápita:

a) Copia de todos as follas do libro de familia onde figure edición, serie e número, cónxuxe e todos os fillos.

b) Certificado de convivencia ou empadramento expedido polo concello no que figure o proxenitor e os/as fillos/as cos/as que conviva, no suposto de non convivencia dos dous proxenitores.

c) Declaración do IRPF do exercicio 2008 de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos. Se non estaban obrigados a facer a declaración da renda presentará, segundo o caso:

-Certificación da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) da dita circunstancia onde constarán os ingresos íntegros que tivo no dito ano.

-Certificado de pensións, positivo ou negativo, expedido polo Instituto Nacional da Seguridade Social.

-Vida laboral negativa expedida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social dos membros da unidade familiar maiores de 16 anos que non obtiveron ingresos durante o ano 2008.

Os solicitantes e os demais membros da unidade familiar cuxos ingresos son computables poderán prestar autorización á Administración para que esta solicite os datos de carácter tributario ou económicos que fosen legalmente pertinentes á AEAT. A autorización asinarase na folla que, para tal efecto, se xera ao mesmo tempo que a solicitude. Na medida en que, a través deste sistema, a Consellería de Facenda poida dispoñer das ditas informacións, non se lles exixirá aos interesados achega individual de certificacións expedidas pola AEAT, nin a presentación, en orixinal, copia ou certificación, das súas declaracións tributarias.

3. Incompatibilidades.

As modalidades de axuda obxecto destes criterios son incompatibles coa percepción doutras de natureza similar concedidas pola Xunta de Galicia ou por outro organismo oficial ou empresa privada.

Exceptúanse do disposto no parágrafo anterior:

-As axudas á xubilación de contía inferior as previstas na norma específica 1). Neste caso terase dereito a percibir a diferenza.

-As axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia recollidas na norma específica 6).

4. Solicitudes e documentación.

4.1. Os que atopándose incluídos no ámbito persoal da axuda, desexen optar a ela/s deberán completar en liña a solicitude e anexos que como formulario electrónico se atoparán na páxina web: <http://www.xunta.es/dxftp/fas.htm>. Posteriormente, presentarán esa mesma solicitude impresa debidamente asinada, perante as correspondentes unidades de persoal.

4.2. Os solicitantes deben xuntar á petición, ademais dos documentos acreditativos da renda per cápita aqueles que se exixen en cada unha das axudas e xustificar mediante certificación os feitos que se aleguen.

Carecerán de validez os documentos achegados con emendas ou riscadelas.

Todas as fotocopias que presenten os solicitantes, como documentación requirida das distintas axudas, deben ser lexibles e estar debidamente cotexadas.

O Servizo de Relacións Laborais poderá solicitar calquera outro tipo de documentación complementaria que estime necesaria.

4.3. O prazo para cubrir na web as solicitudes e para presentalas ante as unidades de persoal unha vez impresas comezará o día de publicación desta resolución e rematará o 26 de febreiro de 2010.

4.4. As unidades de persoal deberán completar en liña os datos que figuran no espazo reservado para a certificación da unidade de persoal en todas as solicitudes.

Cando a axuda solicitada sexa fillos menores, estudos por fillos, estudos do traballador, gastos sanitarios e maiores a cargo deberán ademais comprobar, á vista da documentación achegada, a veracidade dos datos que figuran nas solicitudes e, de ser o caso, validalas.

Unha vez cumprido todo o anterior imprimirán a solicitude conformada, asinarana e selarana.

Será causa de denegación de toda solicitude que non veña certificada polas unidades seguintes de acordo co destino de cada traballador:

-Servizos centrais: secretario xeral, subdirector/a xeral ou xefes/as de servizo que teñan atribuídas funcións en materia de xestión de persoal das consellerías respectivas.

Se o solicitante é persoal funcionario ou laboral do Servizo Galego de Saúde: subdirector/a xeral ou xefe/a de servizo da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional que teña atribuídas funcións en materia de persoal.

-Servizos periféricos: secretarios territoriais, xefes territoriais, delegados comarcais ou funcionarios

que teñan atribuídas funcións en materia de xestión de persoal das consellerías respectivas.

Se o solicitante é persoal con destino en centros educativos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: directores/as e secretarios/as de centros.

Se o solicitante é persoal funcionario ou laboral do Servizo Galego de Saúde que preste os seus servizos nas direccións provinciais do organismo ou nos distintos hospitais ou centros de atención primaria: o/a secretario/a da dirección provincial do organismo ou o/a secretario/a da delegación da Consellería de Sanidade, dependendo do ámbito de dependencia funcional do interesado.

4.5. As solicitudes conformadas, unidas ao resto da documentación, entregaranse polas unidades de persoal aos respectivos peticionarios ata o 18 de marzo de 2010.

Nas axudas cuxa validación corresponde as unidades certificadoras (fillos menores, estudos de fillos, estudos do traballador, gastos sanitarios e maiores a cargo), a documentación orixinal comprobada polo validador non precisará ser cotexada; sendo suficiente remitir copia simple.

Nas axudas por discapacitados e para adquisición de vivenda, os certificadores verificarán unicamente os datos persoais e profesionais e imprimirán a solicitude para remitir á Dirección Xeral da Función Pública. Nestas dúas axudas o solicitante si deberá presentar no rexistro a documentación xustificativa debidamente cotexada.

4.6. Os interesados presentarán as solicitudes conformadas polas unidades de persoal en calquera dos rexistros públicos, oficinas de correos e demais lugares establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE nº 285, do 27 de novembro) modificado pola Lei 4/1999 (BOE nº 12, do 14 de xaneiro). As solicitudes irán dirixidas ao director xeral da Función Pública, edificio administrativo San Caetano nº 1, 15771 Santiago de Compostela.

O prazo para presentar as solicitudes conformadas polas unidades de persoal rematará o día 30 de abril de 2010.

5. Falsidade nas solicitudes.

A ocultación de datos, a falsidade na documentación achegada ou a omisión da requirida, darán lugar á denegación da axuda solicitada ou á perda da concedida, coa devolución, neste último caso, das cantidades indebidamente percibidas, con independencia das responsabilidades a que houbese lugar.

6. Distribución dos créditos.

6.1. En aplicación do orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2008, destínanse na partida orzamentaria 42 07 121A 162.04 a cantidade de 8.136.392

euros para as axudas do fondo de acción social que recolle este acordo segundo a seguinte repartición:

1. Xubilación	700.000 euros
2. Discapacitados	1.500.000 euros
3. Fillos/as menores	1.510.000 euros
4. Est. fillos/as	2.459.537 euros
5. Est. traballador	200.000 euros
6. Vivenda	966.855 euros
7. Maiores a cargo	350.000 euros
8. Gastos sanitarios	450.000 euros
Total	8.136.392 euros

6.2. Garantirase a percepción das seguintes contías mínimas:

- Axuda á xubilación: 3.500 euros.
- Axuda para atención aos discapacitados: 1.300 euros.
- Axuda por fillos menores: 150 euros.
- Axuda para estudos por fillos: 70 euros.
- Axuda para estudos do traballador: 200 euros.
- Axuda por adquisición de vivenda: 1.532 euros.
- Axuda de maiores a cargo: 200 euros.
- Axuda por gastos sanitarios: 50 euros para tratamentos e próteses e 50 euros para adquisición de produtos de alimentación.

6.3. Salvagardados os importes anteriores, as contías asignadas a cada axuda reduciranse na mesma porcentaxe se, polo elevado número de solicitudes presentadas, non se puidesen respectar. Nas axudas que teñen a modalidade de baremo os importes establecidos para cada tramo reduciranse na mesma proporción.

6.4. Se houbese remanentes despois de aplicar as normas específicas de cada unha das axudas en primeiro lugar incrementarían, pola orde de numeración en que se encontran, os baremos das axudas que non teñen orzamento suficiente ata respectar o 100% dos citados baremos e, en segundo lugar, de seguir habendo remanentes, estes incrementarían o orzamento da axuda de fillos menores e maiores a cargo nun 60% e 40% respectivamente.

7. Procedemento e resolución.

7.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes procederase ao seu estudo e cualificación.

7.2. Mediante resolución da Dirección Xeral da Función Pública publicarase anuncio da exposición das listaxes provisionais de admitidos e excluídos no *Diario Oficial de Galicia*, con indicación neste último caso da/s causa/s de exclusión.

Os interesados poderán formular as reclamacións que estimen procedentes e emendar os defectos causantes da exclusión provisional no prazo de dez días hábiles que se contarán desde o día seguinte ao da publicación.

7.3. A estimación ou desestimación definitiva da solicitude producirase coa publicación no *Diario Oficial de Galicia* do anuncio de exposición das listaxes definitivas de admitidos e excluídos con indicación, de ser o caso, da contía total da axuda.

7.4. A Dirección Xeral da Función Pública poderá acordar o pagamento dos mínimos garantidos no punto 6.2 antes da publicación da resolución definitiva.

Calquera interpretación, aclaración ou dúbida que xurda sobre estas bases será resolta pola comisión de seguimento deste acordo.

A comisión estará composta por un membro de cada organización sindical asinante e un número igual de representantes da Administración. Actuará como presidente o titular da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Relacións Laborais e como secretario un representante dos empregados públicos.

7.5. O prazo máximo para resolver as solicitudes especificadas nesta orde será de cinco meses que se contarán a partir do día seguinte ao da finalización do prazo de presentación de solicitudes. O dito prazo poderá prorrogarse no caso de que o elevado número de solicitudes así o requira. Se no prazo establecido non se resolvese o expediente entenderase desestimada a solicitude.

II. Normas específicas.

1) Axudas á xubilación.

1.1. Beneficiarios:

O persoal ao servizo da Xunta de Galicia xubilado ou declarado en situación de incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez desde 1-1-2009 ata 31-12-2009.

A Secretaría Xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria remitirá certificación do persoal docente xubilado no ano 2009, así como dos importes percibidos ao abeiro da disposición transitoria segunda da Lei orgánica de educación 2/2006, do 3 de maio, e orde autonómica do 26 de xaneiro de 2007 xa que son incompatibles con este fondo social.

A División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional da Consellería de Sanidade remitirá certificación do persoal funcionario e laboral xubilado no ano 2009, agás o persoal recollido na norma xeral 1.1.2 do ámbito persoal que lles afecta e que non ten dereito ao fondo de acción social.

O persoal xubilado por incapacidade permanente para o servizo ou forzosa por idade, que teña a condición de mutualista sometido ao campo de aplicación de Muface, deberá solicitar a dita mutualidade o subsidio de xubilación.

O persoal xubilado no ano 2009 que tendo a condición de mutualista de Muface, figurase nas listaxes de excluídos coa clave: «falta importe percibido por Muface ou calquera outra mutualidade ou orga-

nismo público», quedará excluído do fondo de acción social, elevándose a correspondente proposta de aprobación da axuda, se é o caso, cando o xubilado presente certificación do importe percibido, aboándose, de existir diferenza, con cargo ao orzamento do fondo de acción social do ano 2010, se non fose posible facelo con cargo ao de 2009 por estar este xa executado.

1.2. Contido:

A contía desta axuda fíxase en 3.500 euros.

1.3. Documentación:

A concesión faraa de oficio a Administración polo que non precisa presentación de solicitudes.

2) Axudas para a atención a discapacitados.

2.1. Beneficiarios:

O persoal ao servizo da Xunta de Galicia recollido na norma xeral 1.1 que teña baixo a súa dependencia directa e legal e vivindo ás súas expensas, cónxuxe, parella de feito, fillos ou ascendentes de 1º grao por consanguinidade ou afinidade ou tutelados por sentenza xudicial firme que sexan discapacitados físicos, psíquicos ou sensoriais recoñecidos como tales polo organismo competente antes do 1-1-2010.

Para causar dereito a axuda os ingresos íntegros do discapacitado en concepto de rendementos de traballo ou prestacións de supervivencia non poderán superar 8.400 euros. Non se terán en conta os ingresos do discapacitado cando a súa discapacidade sexa igual ou superior ao 90%.

2.2. Contido:

Repartición da contía en cómputo anual, sinalada para esta axuda no punto 6 deste acordo, cos seguintes topos dependendo da renda familiar per cápita e do grao de discapacidade:

Renda familiar per cápita do ano 2008	Importes axuda		
	Discapacidade do 33% ao 65,99%	Discapacidade do 66% ao 89,99%	Discapacidade e desde 90%
Ata 6.000 euros	2.000 euros	2.300 euros	2.800 euros
De 6.000,01 ata 9.500 euros	1.700 euros	2.000 euros	2.500 euros
De 9.500,01 ata 13.000 euros	1.400 euros	1.700 euros	2.200 euros
Desde 13.000,01 euros	1.300 euros	1.500 euros	1.956 euros

No caso de que o orzamento establecido para esta axuda non fose abondo para a aplicación dos importes que sinala a anterior táboa de baremo, estes importes serán minguados nunha mesma porcentaxe ata que o importe global das solicitudes aprobadas non supere o importe establecido para esta axuda, respectando, en todo caso, o importe mínimo de 1.300 euros establecido na dita táboa.

No caso de que a cualificación da discapacidade fose posterior ao 1-1-2009, ratearase a contía da dita axuda.

Ao persoal laboral solicitante desta axuda aboaráselle unicamente a diferenza do que tivese dereito a

percibir consonte artigo 35 do V Convenio colectivo único da Xunta de Galicia, sempre que o grao da minusvalidez do causante fose igual ou superior ao 33%. A dedución realizarase aínda que o/a traballador/a non solicitase a axuda prevista no convenio ao órgano competente para a súa concesión.

2.3. Solicitude:

Normalizada e única para todos os causantes discapacitados polos que solicita esta axuda.

2.4. Documentación:

Toda a que se detalla na norma xeral 2 do ámbito persoal se se opta á axuda na modalidade de baremo e, en todo caso:

-Para os fillos causantes:

a) Copia da cualificación oficial de discapacidade, expedida polo órgano competente. En caso de renovación ou alteración da porcentaxe de discapacidade no ano 2009, as dúas cualificacións.

b) Copia de todas as follas do libro de familia onde figuren edición, serie e número, cónxuxes e todos os fillos.

c) Se o discapacitado é maior de 16 anos deberá presentar certificado de vida laboral desde o 1-1-2008 da Tesouraría Territorial da Seguridade Social e, se é o caso, certificación de Facenda dos ingresos íntegros no ano 2008.

d) O persoal laboral discontinuo presentará certificado do habilitado da súa consellería relativo ao período do tempo de traballo que tiña asinado o posto no ano 2009.

-Para os ascendentes, cónxuxes ou tutelados por sentenza xudicial firme:

a) Copia da cualificación oficial da discapacidade, expedida polo órgano competente. No caso de renovación ou alteración da porcentaxe da discapacidade no ano 2009, achegaranse as dúas cualificacións.

b) Copia do DNI do discapacitado.

c) Fe de vida do discapacitado.

d) Xustificación do parentesco do discapacitado co solicitante.

e) Certificado de convivencia/empadroamento do concello en que figure o discapacitado co solicitante.

f) Vida laboral do discapacitado da Tesouraría Territorial da Seguridade Social desde o 1 de xaneiro de 2008 e, se é o caso, certificación de Facenda dos ingresos íntegros no ano 2008. Non será precisa a vida laboral se o discapacitado percibe pensión de xubilación ou por incapacidade absoluta.

g) Certificado negativo ou positivo de pensións do Instituto Nacional da Seguridade Social do discapacitado correspondente ao ano 2008.

h) O persoal laboral discontinuo presentará certificado do habilitado da súa consellería relativo ao período do tempo de traballo que tiña asinado o posto no ano 2009.

3) Axudas por fillos menores.

3.1. Beneficiarios:

O persoal ao servizo da Xunta de Galicia, recollido na norma xeral 1.1, que teña fillos ao seu cargo que non alcancen a idade obrigatoria para os estudos de primaria no curso 2009/2010, isto é, os fillos nados entre o 1-1-2004 e o 31-12-2009.

3.2. Contido:

Repartición da contía sinalada para esta axuda na norma xeral 6 deste acordo, unha vez aplicada a renda per cápita da unidade familiar do ano 2008, tal e como se indica a seguir:

Renda familiar per cápita do ano 2008	Importe por fillo/a
Ata 6.000 euros	400 euros
De 6.000,01 ata 9.500 euros	300 euros
De 9.500,01 ata 13.000 euros	200 euros
Desde 13.000,01 euros	150 euros

No caso de que o orzamento establecido para esta axuda non fose de abondo para a aplicación dos importes que sinala a anterior táboa de baremo, estes importes serán minguados nunha mesma porcentaxe ata que o importe global das solicitudes aprobadas non supere o importe establecido para esta axuda, respectando sempre o mínimo de 150 euros.

3.3. Solicitude:

Normalizada e única para todos os fillos menores causantes.

3.4. Documentación:

Toda a que se detalla na norma xeral 2 se se opta á axuda na modalidade de baremo e, en caso contrario, só o libro de familia onde figuren edición, serie e número, cónxuxe e fillos.

Non obstante, o solicitante que non opte a modalidade de baremo non terá que achegar o libro de familia se xa foi beneficiario desta axuda no exercicio 2008.

4) Axuda para estudos por fillos.

4.1. Beneficiarios:

O persoal ao servizo da Xunta de Galicia, recollido na norma xeral 1.1, que teña fillos ao seu cargo nados antes do 1-1-2004 e que cursen estudos de primaria, secundaria, bacharelato, ciclos formativos, universitarios e outros de carácter oficial segundo o Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, que dean lugar á obtención de títulos académicos oficiais

estendidos pola Administración pública, todos eles durante o curso académico 2009/2010.

No ámbito universitario queda excluído desta axuda o persoal que teña a matrícula do fillo subvencionada.

4.2. Contido:

Repartición da contía sinalada para esta axuda no punto 6 deste acordo, unha vez aplicada a renda per cápita da unidade familiar do ano 2008, tal e como se indica a seguir:

Renda familiar per cápita do ano 2008	Importe
Ata 6.000 euros	300 euros
De 6.000,01 ata 9.500 euros	250 euros
De 9.500,01 ata 13.000 euros	150 euros
Desde 13.000,01 euros	70 euros

No caso de que o orzamento establecido para esta axuda non fose abondo para a aplicación dos importes que sinala a anterior táboa de baremo, estes importes serán minguados nunha mesma porcentaxe ata que o importe global das solicitudes aprobadas non supere o importe establecido para esta axuda, respectando, en todo caso, o importe mínimo de 70 euros.

Se ao finalizar o prazo de presentación de solicitudes ou o prazo de reclamacións o solicitante non puidese, por non estar aberto o prazo de inscrición, presentar o documento de ter aboada a matrícula do curso 2009/2010, poderá ser beneficiario da axuda e aboaráselle con cargo ao fondo social do ano 2010.

4.3. Solicitude:

Normalizada e única para todos os fillos polos que solicita esta axuda.

4.4. Documentación:

Toda a que se detalla na norma xeral 2 do ámbito persoal se se opta a axuda na modalidade de baremo e, en todo caso:

a) Copia da matrícula referente ao curso 2009/2010, e deberá figurar o importe pagado, debidamente xustificado pola entidade bancaria correspondente no caso de estudos universitarios.

b) Se é o caso, documentación acreditativa de ter aboada a matrícula do curso 2009/2010, despois do día seguinte ao prazo de reclamacións, antes do 30-9-2010 co fin de poder elevar a correspondente proposta de aprobación da axuda con cargo ao fondo de acción social do ano 2010.

c) Copia da totalidade das follas do libro de familia onde figuren as anotacións de edición, serie e número, cónxuxes e fillos, agás os causantes aprobados no ano 2008, sempre que non se acollan á modalidade de baremo.

5) Axuda estudos do traballador.

5.1. Beneficiarios:

O persoal ao servizo da Xunta de Galicia recollido no punto 1.-Ámbito de persoal, que curse estudos durante o curso académico 2009/2010 de primaria, secundaria, bacharelato, ciclos formativos, universitarios e outros de carácter oficial segundo o Real decreto 56/2005, do 21 de xaneiro, que dean lugar á obtención de títulos académicos estendidos pola Administración pública, así como estudos de nivel intermedio ou avanzado en escolas oficiais de idiomas.

No ámbito universitario e escolas oficiais de idiomas queda excluído desta axuda o persoal que teña a matrícula subvencionada.

5.2. Contido:

Repartición da contía sinalada para esta axuda no punto 6 entre todos os solicitantes beneficiarios segundo os seguintes criterios:

Renda familiar per cápita do ano 2008	Importe euros
Ata 6.000 euros	700 euros
De 6.000,01 ata 9.500 euros	400 euros
De 9.500,01 ata 13.000 euros	300 euros
Desde 13.000,01 euros	200 euros

No caso de que o orzamento establecido para esta axuda non fose abondo para a aplicación dos importes que sinala a anterior táboa de baremo, estes importes serán minguados nunha mesma porcentaxe ata que o importe global das solicitudes aprobadas non supere o importe establecido para esta axuda, respectando, en todo caso, o importe mínimo de 200 euros.

Se ao finalizar o prazo de presentación de solicitudes ou o prazo de reclamacións o solicitante non puidese, por non estar aberto o prazo de inscrición, presentar o documento de ter pagada a matrícula do curso 2009/2010 poderá ser beneficiario da axuda e aboaráselle con cargo ao fondo social do ano 2010.

5.3. Solicitude:

Normalizada.

5.4. Documentación:

Toda a que se detalla na norma xeral 2 do ámbito persoal se se opta á axuda na modalidade de baremo e, en todo caso:

a) Copia cotexada da matrícula referente ao curso académico 2009/2010 en que debe figurar o importe pagado, debidamente xustificado pola entidade bancaria correspondente no caso de estudos universitarios e escolas oficiais de idiomas.

b) Se é o caso, documentación acreditativa de ter aboada a matrícula do curso 2009/2010 despois do día seguinte ao prazo de reclamacións, antes do 30-9-2010 co fin de poder elevar a correspondente proposta de

aprobación da axuda con cargo ao fondo de acción social do ano 2010.

6) Axuda por adquisición de vivenda.

6.1. Beneficiarios:

O persoal ao servizo da Xunta de Galicia recollido na norma xeral I.1, que adquira individualmente ou en copropiedade a súa única vivenda no ano 2009 para a unidade familiar e por única vez.

Quedan excluídos desta axuda os solicitantes que pertencen ou pertencesen a unha unidade familiar, agás fillos emancipados, na que algún dos seus membros percibise esta axuda do fondo de acción social en anos anteriores.

Igualmente quedan excluídos os membros de unidades familiares que teñan, individualmente ou en copropiedade, outra/s vivenda/s ademais da vivenda da solicitude.

A copropiedade dunha vivenda da que, por decisión xudicial ou por existencia dun usufruto vitalicio, non pode facerse uso ou gozo, é equiparable á carencia de vivenda.

Non terán dereito a esta axuda:

-O persoal interino docente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

-O persoal interino posterior ao 31-5-90.

-O persoal laboral non fixo.

Para efectos da axuda de vivenda, a unidade familiar está constituída polos cónxuxes non separados legalmente, ou parella de feito, convivente, copropietario, solteiro/a, viúvo/a, divorciado/a, separado/a legalmente, irmáns ou persoas que convivan co solicitante.

6.2. Contido:

Contía máxima da axuda: 2.500 euros.

Repartición da contía sinalada para esta axuda na norma xeral 6 deste acordo, unha vez aplicada a renda per cápita do ano 2008 tal e como se indica a continuación:

Renda familiar per cápita do ano 2008	Importe
Ata 6.000 euros	2.500 euros
De 6.000,01 ata 9.500 euros	2.200 euros
De 9.500,01 ata 13.000 euros	2.000 euros
Desde 13.000,01 euros	1.532 euros

No caso de que o orzamento establecido para esta axuda non fose de abondo para a aplicación dos importes que sinala a anterior táboa de baremo, estes importes serán minguados, agás o importe mínimo de 1.532 euros, nunha mesma porcentaxe ata que o importe global das solicitudes aprobadas non supere o importe establecido para esta axuda.

6.3. Solicitude.

Normalizada para a unidade familiar.

6.4. Documentación:

Toda a que se detalla na norma xeral 2 do ámbito persoal se se opta a axuda na modalidade de baremo e, en todo caso:

a) Documento acreditativo da adquisición da vivenda segundo a forma de adquisición:

-Compra de vivenda: copia do acto, simple ou xa rexistrado no Rexistro da Propiedade, da formalización da compravenda escriturada ante notario no ano 2009.

-Autoconstrución: certificado do final de obra, expedido por facultativo competente, visado polo Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos e polo Colexio de Arquitectos durante o ano 2009.

b) Copia do DNI do solicitante e persoa que integre con el a unidade familiar.

c) Copia do documento de afiliación á Seguridade Social, Muface, Mugeju, Isfas, etc. do solicitante e da persoa que integre con el a unidade familiar.

d) Informe de propiedades a nivel nacional emitido polo Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España por petición do solicitante no Rexistro da Propiedade correspondente e, se é o caso, do cónxuxe, parella de feito ou copropietario.

e) Se figuran propiedades no informe de propiedades a nivel nacional emitido polo Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantís de España, deberán solicitar nos rexistros que sinala o dito informe: certificación ou nota simple informativa de dominio, sen especificación de cargas, soamente das vivendas que teñan neses rexistros.

Na certificación ou nota simple informativa estendida e selada polos rexistros da propiedade debe constar a expresión: «... é a única vivenda que ten/teñen o/s titular/es neste rexistro da propiedade».

f) Declaración do solicitante, baixo a súa responsabilidade, de non ser beneficiario nin el nin o seu cónxuxe ou parella de feito ou copropietario de axuda de igual natureza por parte de ningún organismo público ou empresa privada, agás as que recolle o último punto desta norma específica.

g) Certificación expedida por Muface, Mugeju, Isfas ou mutualidade correspondente, na que conste expresamente que o solicitante non recibiu axuda para vivenda con cargo a estas entidades na convocatoria do ano 2009.

Son compatibles coas previstas no Decreto 402/1999, do 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, para o período 2009-2012 (DOG do 5 de novembro de 2009).

7) Axuda de maiores a cargo.

7.1. Beneficiarios:

O persoal ao servizo da Xunta de Galicia previsto na norma xeral 1.1, que teña baixo a súa dependencia directa e legal e vivindo ás súas expensas, familiares de 1º ou 2º grao por consanguinidade ou afinidade ou tutelados por sentenza xudicial firme que teñan 65 ou máis anos e cuxos ingresos íntegros por rendementos de traballo ou prestacións de supervivencia non superen 8.400 euros.

Esta axuda é incompatible coa axuda, deste fondo social, de discapacitados.

7.2. Contido:

Repartición da contía en cómputo anual, sinalada para esta axuda na norma xeral 6 deste acordo, cos seguintes topes dependendo da renda familiar per cápita e dos anos que teña o maior causante:

Renda familiar per cápita do ano 2008	De 65 a 75 anos	De 76 a 85 anos	Desde 86 anos
Ata 6.000 euros	500 euros	600 euros	800 euros
De 6.000,01 ata 9.500 euros	400 euros	500 euros	700 euros
De 9.500,01 ata 13.000 euros	300 euros	400 euros	600 euros
Desde 13.000,01 euros	200 euros	300 euros	500 euros

No caso de que o orzamento establecido para esta axuda non fose abondo para a aplicación dos importes que sinala a anterior táboa de baremo, estes importes serán minguados nunha mesma porcentaxe ata que o importe global das solicitudes aprobadas non supere o importe establecido para esta axuda, respectando, en todo caso, o importe mínimo de 200 euros.

7.3. Solicitude:

Normalizada e única para todos os causantes maiores da unidade familiar polos que solicita esta axuda.

7.4. Documentación:

Toda a que se detalla na norma xeral 2 do ámbito persoal se se opta á axuda na modalidade de baremo e, en todo caso:

a) Documento nacional de identidade do maior causante.

b) Xustificación do parentesco do causante co solicitante.

c) Certificado de convivencia-empadramento expedido polo concello, de todas as persoas que conviven no domicilio do solicitante.

d) Fe de vida do maior.

e) Certificación de pensións (negativo ou positivo) do Instituto Nacional da Seguridade Social do maior causante correspondente ao ano 2008.

f) Copia da declaración da renda do ano 2008 de Facenda do causante. Se non tivo que facer a declaración da renda, presentará certificación de Facenda da dita circunstancia onde constarán os ingresos íntegros no dito ano. Non será preciso presentar declaración ou certificación se o causante percibe pensión de xubilación ou por incapacidade permanente absoluta.

8) Axuda por gastos sanitarios.

8.1. Beneficiarios:

O persoal ao servizo da Xunta de Galicia contemplado na norma xeral 1.1.

8.2. Modalidades e contido:

8.2.1. Axudas por tratamentos e próteses bucodentais, audiovisuais e/o ortopédicos do traballador, sempre que o seu importe, individual ou en conxunto, sexa igual ou superior a 150 euros.

O importe máximo a percibir neste punto será de 105 euros.

8.2.2. Axudas para a adquisición de produtos específicos para a alimentación de enfermos celíacos e trastornos similares de intolerancia a alimentos de carácter xenérico, destinados ao solicitante, cónxuxe, parella de feito ou fillos.

O importe máximo a percibir neste punto será de 105 euros.

No caso de que o orzamento establecido para esta axuda non fose abondo para respectar os importes sinalados anteriormente, estes serán minguados ata que os importes globais das solicitudes aprobadas non superen o orzamento establecido para esta axuda, respectando, en todo caso, o importe mínimo de 50 euros por tratamentos e próteses e de 50 euros por adquisición de produtos de alimentación.

8.3. Solicitude:

Normalizada e única para tratamentos, próteses e produtos específicos de alimentación.

8.4. Documentación:

Para a adquisición de próteses:

Fotocopia/s compulsada/s da/s factura/s orixinal/ais nas que deberá constar:

-Persoa que recibe o tratamento ou adquire a prótese.

-Custo do tratamento e/ou próteses e datas en que se recibiu e/ou adquiriu.

-Nome ou razón social, NIF ou CIF, domicilio e localidade de quen as estenda.

Para gastos alimentarios:

a) Informe dun facultativo da sanidade pública e/ou centros sanitarios concertados no que figure a intolerancia padecida polo causante.

b) Cando o causante da axuda sexa persoa distinta do solicitante, copia da totalidade das follas do libro de familia, onde figuren edición, serie, número, cónxuxe e fillos ou, se o causante da axuda e parella de feito, certificado de convivencia ou empadronamento expedido polo concello.

Pola Administración:

O director xeral da Función Pública: José María Barreiro Díaz.

Polas organizacións sindicais:

CIG: Manuel Gallardo Canitrot.

CC.OO.: José Emilio Doforno Guzmán.

UGT: Manuel Cobas Pena.

CSIF: Juan Carlos Rivas Vázquez.

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 5 de xaneiro de 2010 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba as bases reguladoras das axudas do Igape para a habilitación dunha liña de financiamento específica para os produtores galegos de uva, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as entidades financeiras adheridas.

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 16 de novembro de 2009, acordou, por unanimidade dos seus membros asistentes, a aprobación das bases reguladoras das axudas do Igape para a habilitación dunha liña de financiamento específica para os produtores galegos de uva, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as entidades financeiras adheridas.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Único.-Publicar as bases reguladoras das axudas do Igape para a habilitación dunha liña de financiamento específica para os produtores galegos de uva, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as entidades financeiras adheridas, as cales se anexan a esta resolución.

Santiago de Compostela, 5 de xaneiro de 2010.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

Bases reguladoras das axudas do Igape para a habilitación dunha liña de financiamento específica para os produtores galegos de uva, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as entidades financeiras adheridas

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Estas bases regulan o obxecto, requisitos e procedemento de tramitación para a creación e posta en marcha dun mecanismo que lles facilite ás pemes galegas produtoras de uva, directamente ou a través das súas asociacións, o financiamento da venda da súa produción ás adegas e demais industrias transformadoras, mediante o desconto ou anticipo bancario de letras de cambio aceptadas, axudas de pagamento á orde, ou calquera outro documento que poida ser anticipado pola entidade financeira, asinados polos seus clientes para o pagamento de facturas emitidas desde o 1 de decembro de 2009 ata o 31 de marzo de 2010.

A liña de desconto terá un límite global máximo de 15 millóns de euros e o seu importe distribuirase entre as entidades financeiras participantes.

Artigo 2º.-*Beneficiarios do financiamento.*

Poderán acceder ao mecanismo de financiamento previsto nestas bases aquelas pequenas ou medianas empresas conforme a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento 800/2008 (DOUE L 214, do 9 de agosto de 2008) polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado (Regulamento xeral de exención por categorías), produtoras de uva e con domicilio fiscal en Galicia, directamente ou a través das asociacións de produtores, que non tiveran percibido axudas en réxime *de minimis* nos tres anos anteriores por importe superior a 7.500 euros.

Artigo 3º.-*Características das operacións e axuda do Igape.*

3.1. As liñas de desconto bancario deberán destinarse a adiantar o 100% do importe das letras de